

En Boiro, sendo as 10:30 horas do día 8 de xuño de 2020, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes: José Carou Rey,
Antón Castro Castro, Óscar
Santos Villamor, Pablo López
Sanmartín, Manuel Pimentel
González e José Víctor Saiáns
Vázquez

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Información sobre a elaboración dos informes individualizados.
3. Memorias curso 19/20.
4. Resumo dos novos criterios de titulación e promoción para o curso 19/20.
5. Información e aprobación dos cambios no calendario fin de curso.
6. Rogos e preguntas.

1. Procédese á lectura e aprobación da acta da anterior sesión celebrada o 4 de maio de 2020.

2. A directora, Mariana Domínguez, comeza explicando unha guía que elaborou para facilitar a realización dos informes individuais valorativos para os cursos da ESO e bacharelato que hai que completar para o alumnado segundo o punto 7.4 das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centro docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os informes pódense descargar do Xade en formato editable (informe predefinido AL035), todo o profesorado ten permisos para acceder a eles. Terán que cubrilos os profesores para os alumnos aos que lles impartan clase, agás para os que titulen de 4º da ESO e 2º de bacharelato.

No primeiro apartado 1. Traballo realizado polo alumno ou alumna no curso 2019/2020, (aprendizaxes imprescindibles adquiridas), farase referencia aos estándares de aprendizaxe reflectidos nas Adaptacións das Programacións Didácticas ás que fai referencia as Instrucións do 27 de abril de 2020.

O apartado 2. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa dos atrasos producidos no terceiro trimestre do curso 2019/2020 e que deberán ser obxecto de tratamento no curso 2020/2021, os departamentos elaborarán unha ADDENDA á programación na que figurarán todos os estándares de aprendizaxe que non se traballaron na clase e que se consideran imprescindibles. No informe individual farase referencia a esa ADDENDA.

No apartado 3. Plan de recuperación, decidírase como se vai recuperar o trimestre perdido de cara ao próximo curso. A Consellería publicará nos vindeiros días unhas instrucións para a preparación do curso 2020/2021.

A xefa de estudos, Sonia Antelo, explica que en canto aos ciclos formativos, a súa normativa específica xa tiña establecido a realización de informes de avaliación individualizados para o alumnado de 2º curso que lle queda algún módulo pendente en marzo e non pode acceder á FCT, para o alumnado de 1º curso que promociona con algún módulo pendente e para o alumnado que cambia de centro. Para estas ensinanzas seguirase realizando estes informes e engadirase, neste curso, o alumnado que repite e o alumnado con perda de dereito a avaliación continua (PD). Empregarase o modelo que achegou inspección por ser un pouco máis completo que o que viñamos empregando no centro. A maiores, cada profesor realizará un informe individual valorativo do grupo para o seu módulo, seguindo o modelo enviado por inspección, onde se especificará a proposta de contidos e de actividades para o alumnado no curso 2020-2021 relacionados cos RA e CA imprescindibles e non impartidos.

3. Mariana tamén recorda as memorias finais de curso que deben elaborarse: memoria de departamento, memoria de titoría, memoria de módulos para os ciclos e memorias de FCT para os titores de 2º de ciclos. Crearanse carpetas no Drive do IES Espiñeira dando permiso de acceso a todo o profesorado para que poidan gardar tanto as memorias coma os informes individuais nese espazo. A data límite para a confección de memorias e informes será o 30 de xuño.

Nesa data límite, o profesorado tamén deberá de deixar unha copia dos exames de setembro en xefatura de estudos, así como os xefes de departamento tamén deixarán en xefatura os libros de actas.

4. A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas. Todo o alumnado poderá promocionar e/ou titular independentemente das materias ou módulos que lle queden pendentes. Os equipos docentes adoptarán

as decisións colexiadas de promoción e titulación durante a reunión de avaliación. O alumnado de 2º de ciclos poderá titular e ser proposto para a realización da FCT con algún módulo pendente.

5. En canto ao calendario final de curso debería terse aprobado en abril polo claustro, pero debido á situación especial deste último trimestre quedou pendente esa aprobación. O calendario foi enviado aos membros do claustro por correo electrónico o 4 de maio para informar do cambio da avaliación de 2º de bacharelato, o comezo das prácticas da FCT e as novas datas das probas de ABAU. Hai unha modificación no calendario enviado en maio con respecto ás probas libres, que debido ao COVID-19 non se realizarán en xuño senón en setembro.

Os membros da CCP aproban a proposta do novo calendario de fin de curso e remítese a claustro para a súa aprobación.

As reunións de avaliación do resto dos cursos será o 22 de xuño repartidas entre o salón de actos e a aula A7. Mariana amosa un horario que será enviado ao claustro. O día 23 entregaranse os boletíns de notas ao alumnado, farase entrega dos sobres de matrícula e tamén se recollerán os libros prestados. No claustro do mércores 10 explicarase con máis detalle o procedemento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:00 horas.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA

Asdo.: Sonia Antelo Méndez